



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ANEXO

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS FINANCIADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA A TRAVÉS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS/ 2026)

A Deputación Provincial da Coruña aprobou as bases reguladoras do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026, PEL-CONCELLOS /2026 ()).

O antedito programa está integrado no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, cuxo obxectivo principal é contribuír á xeración de emprego e actividade económica, á fixación da poboación nos concellos e ao crecemento sostible dos mesmos. Nese marco, e conforme se establece na base específica 2, “o obxecto do Programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos”.

Polo tanto, a través deste programa, tal e como se establece no apartado 4 das Bases reguladoras (bases específicas), “son gastos subvencionables os custos salariais e de seguridade social, os derivados das indemnizacións de fin de contrato e os correspondentes aos cursos de formación en materia de riscos laborais que deban realizar as persoas contratadas segundo a lexislación laboral vixente, durante o período de 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026”. A Deputación Provincial subvencionará os gastos derivados da contratación de persoas desempregadas conforme a distintos módulos e tramos de asignación das cantidades incorporadas no Anexo III (“Detalle dos módulos a financiar”) das anteditas bases do programa.

O Concello de Abegondo solicitou subvención para contratar traballadores para desenvolver no municipio o proxecto denominado “**Conservación de espazos públicos de Abegondo**”, que ten por obxecto realizar distintas actuacións, consistentes nun conxunto de pequenas obras ou servizos relacionados coa utilidade colectiva e que posibilitarán a conservación, o acondicionamento e a mellora e posta en valor de diversas áreas ou espazos de titularidade municipal.

No BOP núm. 38 do xoves, 26 de febreiro de 2026 anúnciase a Resolución número 2026/7246, do 23 de febreiro, pola que se aproba a concesión das subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2026 (PEL-CONCELLOS 2026). O Concello de Abegondo é beneficiario dunha subvención de 37.000,00 € para desenvolver o proxecto sinalado no parágrafo anterior (expediente: 2025000047549).

Para poñer en marcha as as devanditas actuacións é necesario cubrir as prazas previstas na memoria descriptiva presentada á Deputación Provincial o día 20/11/2025 (RE núm. 202599900113758), que serviu de base á solicitude da subvención e que prevé a **contratación a tempo completo de 3 persoas traballadoras desempregadas** inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas: **2 peóns/peoas de obras públicas e 1 peón/peoa forestal**. Isto farase a través de contratos laborais temporais vinculados ao Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (líña 1.1. PEL-CONCELLOS 2026 do Plan de Emprego Local), por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as funcións e tarefas obxecto da contratación. Os contratos realizaranse a tempo completo por unha xornada equivalente ao 100,00% da xornada (coeficiente 1,000), cunha xornada de 40 horas semanais e terán unha duración de 8 meses.

A convocatoria referirase ás seguintes **prazas**:

- 2 peóns/peoas de obras públicas**
- 1 peón/peoa forestal**

Para este proceso selectivo serán de aplicación as seguintes Bases:

1. Conforme se recolle nas bases do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obrase servizos mínimos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS /2026),



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

aprobadas por medio da Resolución de Presidencia núm. 47202 do 13/10/2025, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 197 do mércores, 15 de outubro de 2025, este diríxese á **contratación de persoas en situación de desemprego**.

No apartado 3 da base específica 3, referido aos **"Requisitos da contratación"** establécese o seguinte:

"- Os concellos adheridos ao Programa poderán realizar as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL-CONCELLOS, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial.

- O contrato debe iniciar e rematar na anualidade 2026

- As persoas a contratar deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas, e estar dispoñibles para o emprego.

- O Concello poderá realizar a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego ou convocando o seu propio proceso selectivo de acordo cos **principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación**."

Polo tanto, para dar cumprimento a estes principios, o Concello realizará a/s correspondente/s **oferta/s de emprego** logo de publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) as **bases de selección e o anuncio da aprobación** das mesmas e da **presentación da oferta** para a preselección das persoas candidatas para as tres prazas convocadas.

Presentaranse sendas ofertas de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Betanzos, unha por cada categoría profesional, dentro de cada ocupación, solicitando persoas candidatas para as respectivas prazas.

As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á oficina de emprego.

Tamén se terá en conta que segundo se prevé no antedito apartado 3 "no proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. (...) "

"A tal fin terá que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social".

2. Procedemento de selección: concurso-oposición, xustificado nas características específicas e singulares dos postos de traballo.

Trátase dun procedemento especial ou singular, xa que, en consonancia co establecido na base específica 3 do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS /2026) e co sinalado no parágrafo anterior, as persoas candidatas ás prazas convocadas virán determinadas pola presentación da/s oferta/as na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia.

3. Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes **requisitos xerais** conforme o artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261 do 31 de outubro de 2015):

a. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e. Posuír a titulación esixida.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

4. Por outra banda, e tal e como se sinalou anteriormente, deberá terse en conta que, tal e como se establece na base específica 2, das bases reguladoras do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS /2026), incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local (Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 197 do mércores, 15 de outubro de 2025), “o obxecto do Programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos”.

As persoas que participen no proceso selectivo deberán ser necesariamente **demandantes de emprego** inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e estar **incluídas na relación de persoas candidatas remitidas pola oficina do Servizo Público de Emprego** en contestación a cada unha das ofertas de emprego presentadas. Esta circunstancia acreditarase presentando a **tarxeta de inscrición no SPE**.

Conforme o previsto no apartado 3.2 das anteditas bases sobre “**Requisitos do persoal a contratar**”, “as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, inscritas como demandantes na oficina de emprego e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral que serán comprobadas polos concellos nos procesos de selección das persoas a contratar:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego
- Persoas con fogar monoparental
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- Persoas vítimas de violencia de xénero
- Persoas sen fogar

Polo tanto, para seren admitidos/as no proceso selectivo é imprescindible que as persoas aspirantes acrediten documentalmente que reúnen os **requisitos** do citado apartado 3.2 das Bases do Programa PEL-CONCELLOS/2026. Isto farano, en consonancia co disposto no apartado específico de xustificación das devanditas bases, achegando xunto coa instancia a seguinte **documentación**:

1) Para acreditar a situación de desemprego achegarase as tarxetas ou informes acreditativos de que as persoas traballadoras son demandantes de emprego, debidamente actualizados.

2) A **situación de exclusión sociolaboral** acreditarase achegando a documentación acreditativa da situación ou situacións de exclusión de cada persoa a contratar, deste xeito:

- A condición de muller, de persoa maior de 45 anos ou menor de 30 anos, achegando unha **fotocopia do DNI**
- A condición de persoa desempregada de longa duración, achegando un **Informe de períodos de inscrición** actualizado emitido polo Servizo Público de Emprego ou documentación equivalente





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

-A condición de persoa con discapacidade, achegando fotocopia do **certificado de discapacidade** vixente na data de publicación da convocatoria, expedido polo órgano competente (deberá acreditarse unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%) ou documentación equivalente.

-A condición de persoa desfavorecida, por atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral sinaladas no parágrafo anterior, achegando un **informe dos servizos sociais municipais**.

5. No caso de presentarse varias persoas candidatas para o/s posto/s, será/n proposta/s polo tribunal e posteriormente nomeada/s polo alcalde, a/as persoas/s candidata/s que obteña/n unha maior puntuación no concurso-oposición, de acordo cos méritos específicos descritos a continuación para cada posto. Para estes efectos requiriráselles ás persoas candidatas a acreditación dos requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza, por medio da documentación orixinal ou copia auténtica.

6. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación de orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

A realización de cursos ou de programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, mediante orixinal ou fotocopia autenticada dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

Por último, a acreditación do tempo traballado, realizarase mediante certificado de empresa acreditativo ou copia dos contratos de traballo onde aparezan recollidas claramente as data de inicio e de remate da contratación e a través de certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social ou no seu caso do colexio profesional que corresponda.

7. As instancias presentarase acompañadas do DNI ou NIE. Así mesmo, achegarase a documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto para cada unha prazas no apartado correspondente destas bases. Tamén se achegará a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración.

Deberán presentarse no rexistro municipal en horario de 09.00 h a 14.00 h, a través da sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal) ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas - BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015 - (neste caso enviarase un correo electrónico ao endereço adl@abegondo.gal dentro do prazo de presentación), no **prazo de 3 días hábiles** que se contarán dende o día seguinte a aquel no que a persoa candidata reciba comunicación por parte do Concello de que está incluído na relación enviada polo Servizo Público de Emprego (oficina de emprego de Betanzos) en contestación da oferta presentada. Poderá quedar constancia escrita da realización deste aviso ou comunicación, se ben, por razóns de urxencia xustifícase que se realice a comunicación telefonicamente ou por mail. Para aqueles casos nos que non se contacte coa persoa candidata, bastará un informe do/a técnico/a responsable que acredite esta circunstancia.

Soamente será necesario presentar copia simple da documentación relativa tanto aos requisitos mínimos necesarios para a admisión das persoas candidatas, como a correspondente aos méritos alegados, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal ou copia auténtica se o considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento do/a candidato/a comprobarase fidedignamente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia auténtica dela.

Polo tanto, e tendo en conta o indicado no parágrafo anterior, o tribunal admitirá a todas aquelas persoas candidatas que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a proba práctica, poderá habilitar un período para a emenda se o considera oportuno. En todo caso, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias non se poderá emendar a documentación relativa aos méritos.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (sede.abegondo.gal) a **relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas** e anunciará o **lugar, día e hora no que terá lugar a**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<http://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

proba ou exercicio práctico que deberán realizar todas as persoas concursantes admitidas e que terá carácter eliminatorio.

8. A valoración de méritos das persoas candidatas presentadas nos apartados de experiencia e formación, realizarase con posterioridade á realización da proba ou exercicio práctico.

Unha vez realizadas as probas prácticas eliminatorias valoraranse os méritos de todas as persoas candidatas que a superen. Do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior publicarase tanto o resultado das probas prácticas como a puntuación relativa aos méritos acadados polas persoas candidatas que superaron o exercicio práctico.

9. Exercicio práctico: Por tratarse de prazas correspondentes a persoal de oficios, este exercicio práctico consistirá nunha proba práctica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir.

Para o exercicio práctico, disporase dun período máximo de 30 minutos. Puntuarase de 0,00 a 5,00 puntos, sendo necesario para superalo alcanzar un mínimo de 2,50 puntos. Cualificarase como non apto a quen non obteña a puntuación mínima.

10. No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (neste caso **celga 2 ou equivalente**), as persoas candidatas non serán excluídas por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba ou exame oral, e que se realizará no mesmo acto, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificada como non apta, a persoa candidata quedará automaticamente excluída.

En todo caso, por razóns de urxencia e ante a necesidade de poñer en marcha dun xeito inmediato as obras e servizos que forman parte da actuación a desenvolver, denominada "Conservación de espazos públicos de Abegondo", vinculados ao Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña (liña 1.1. PEL-Concellos do Plan de Emprego Local), poderanse concentrar nun solo acto as diferentes probas selectivas.

11. Os tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas):

Presidente.

Titular: Alberto Manteiga Díaz
Suplente: José Manuel Rodríguez Costa

Vogal 1.

Titular: Francisco Javier Cabanas Lozano
Suplente: Iván Sánchez Gómez

Vogal 2.

Titular: M^a Jesús González Ulloa
Suplente: M^a Teresa Rodríguez Villaverde

Secretario.

Titular: José Antonio Varela Doval
Suplente: Adrián J. Márquez Caramés

O tribunal poderá nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o correspondente informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

12. Declaracións que deberán presentar as persoas candidatas:

Xunto coa instancia que presenten as persoas candidatas e na que solicitarán ser admitidas e poder participar no proceso selectivo, aquelas deberán achegar tamén a/s seguinte/s declaración/s responsable/s:

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

-Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

-Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.

Do mesmo xeito, non se efectuarán as contratacións ata que a/as persoa/as candidata/s proposta/s polo tribunal, presente/n no prazo de 2 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta definitiva do tribunal a seguinte documentación:

-Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos e méritos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

Para o caso de **baixa ou renuncia da persoa proposta para a súa contratación**, o Concello poderá substituíla pola/s seguinte/s persoa/s candidata/s da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención concedida.

13. En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local. Asemade, aplicarase, na medida que non contradiga a normativa anterior, as bases xerais aprobadas polo Concello de Abegondo e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 275, do luns, 30 de novembro de 1998.

14. A) PRAZAS OFERTADAS

a. Proxecto: "Conservación de espazos públicos de Abegondo"

Este proxecto ten por obxecto realizar distintas actuacións recollidas na memoria descritiva das actividades a realizar que se presentou coa solicitude da subvención realizada ante a Deputación Provincial da Coruña. Por medio deste programa PEL-Concellos/ 2026 de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL). o Concello de Abegondo levará a cabo un conxunto de pequenas obras ou servizos relacionados coa utilidade colectiva e que posibilitarán o acondicionamento e a mellora e posta en valor de diversas áreas ou espazos de titularidade municipal.

Para levar a cabo as actuacións recollidas no proxecto constituirase unha cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais para o exercicio 2026 integrada por 3 persoas traballadoras.

Polo tanto, as prazas ofertadas son 3, segundo se indica a continuación.

Cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais para o exercicio 2026 (PEL-CONCELLOS /2026):

Prazas:

- 2 peóns/peoas de obras públicas
- 1 peón/peoa forestal

b. Titulación e requisitos mínimos :

As persoas candidatas deberán achegar xunto coa instancia o **DNI ou NIE** (apartado 7) e a **documentación acreditativa da situación de desemprego e de atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral** previstas no apartado 3.2 ("Requisitos do persoal a contratar") das Bases reguladoras do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS /2026), publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 197 do mércores, 15 de outubro de 2025.

Para acreditar a condición de persoa con discapacidade, a persoa candidata deberá achegar unha copia do **certificado acreditativo da discapacidade** vixente na data de publicación da convocatoria, expedido polo órgano



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

competente (deberá acreditarse unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%) ou documentación equivalente. En todo caso, a discapacidade terá que ser compatible coa realización das tarefas propias da ocupación ou praza ofertada.

Ao mesmo tempo, as persoas candidatas ás distintas prazas ofertadas tamén deberán achegar **a/as declaración/s responsable/s** á/ás que se refire o apartado 12.

A **titulación mínima** necesaria que deberán presentar as persoas candidatas coa instancia é a seguinte:

- Certificado de estudos primarios ou equivalente
- Galego (Celga 2 ou equivalente)

No caso de non poder achegar o certificado de estudos primarios ou documentación equivalente, o/a candidato/a deberá realizar unha declaración xurada relativa á súa escolarización.

No caso de non poder acreditar o coñecemento de galego (Celga 2) realizarase unha proba ou exame oral tal e como se indicou no apartado 10.

c. Duración do contrato:

Os contratos terán unha duración de **8 meses**, vinculados ao devandito Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS/ 2026), incluído no Plan de Emprego Local, convocado pola Deputación Provincial da Coruña para desenvolver as actuacións recollidas na memoria "Conservación de espazos públicos de Abegondo".

As datas previstas dos contratos son as seguintes: 01/05/2026 ata o 31/12/2026

d. Retribucións:

Conforme a devandita Resolución de Presidencia núm. 47202 do 13/10/2025, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 197 do mércores, 15 de outubro de 2025), de aprobación das bases reguladoras do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS/ 2026), incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local as cantidades que percibirán as persoas traballadoras serán:

- 2 peóns/peoas de obras públicas (G.C. 10): 1.424,50 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras *
 - 1 peón/peoa forestal (G.C. 10): 1.424,50 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras *
- (*)- Salarios correspondentes a unha xornada a tempo completo (100 % da xornada).

e. Características do contrato:

Peóns/peoas de obras públicas (2)

- Tipo de contrato (*): contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405)
- Grupo de cotización: 10
- Coeficiente: 1,000
- Tipo de xornada: tempo completo (405), cun total de 40 horas semanais
- Epígrafe: 51
- Ocupación: letra d)
- CNAE 2009 (8411).
- Duración do contrato: do 01/05/2026 ata o 31/12/2026
- Retribucións brutas mensuais: 1.424,50 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das pagas extras

Peón/peoa forestal (1)

- Tipo de contrato (*): contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405)
- Grupo de cotización: 10
- Coeficiente: 1,000
- Tipo de xornada: tempo completo (405), cun total de 40 horas semanais
- Epígrafe: 51
- Ocupación: letra d)



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

- CNAE 2009 (8411).
- Duración do contrato: do 01/05/2026 ata o 31/12/2026
- Retribucións brutas mensuais: 1.424,50 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das pagas extras

(*) En aplicación do disposto na Disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego (BOE núm. 51 do 1 de marzo de 2023), que se refire a contratos vinculados a programas de activación para o emprego.

14. B) PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: concurso-oposición conforme ao apartado E), xustificado nas características específicas e singulares dos postos de traballo.

14. C) FUNCÍONS E TAREFAS OBEXTO DA CONTRATACIÓN:

Conforme a solicitude realizada á Deputación Provincial da Coruña o día 20/11/2025 (RE núm.202499900113758) ao abeiro do devandito programa PEL-Concellos 2026 de subvención á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL), os/as traballadores/as que se contraten formarán parte da cuadrilla de obras e servizos municipais encargada da execución do proxecto denominado "Conservación de espazos públicos de Abegondo" que realizará un conxunto de pequenas obras ou servizos relacionados coa utilidade colectiva e que posibilitarán o mantemento, acondicionamento e a mellora e posta en valor de diversas áreas ou espazos de titularidade municipal.

En xeral, as actuacións realizaranse en diversos lugares ou espazos públicos como son: parques, xardíns e outras zonas verdes, áreas recreativas e de lecer, contornos dos locais sociais, fincas, estradas, beirarrúas vías e camiños públicos. Todas as actuacións ou servizos levaranse a cabo en bens e terreos de titularidade municipal e sobre os que existe plena dispoñibilidade .

14. D) COÑECEMENTO DE GALEGO:

Conforme establece o artigo único da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo (modifícase o artigo 35 do citado Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia), nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso-oposición, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do **Celga 2 ou equivalente**.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida, as persoas candidatas non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba oral que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.

O tribunal, contará co asesoramento da normalizadora lingüística do Concello e cualificará á persoa aspirante como apto/a ou non apto/a. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.

14. E) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL. CONCURSO-OPOSICIÓN

E.1- PRAZAS DE PEÓNS/PEOAS DE OBRAS PÚBLICAS (2) E PEÓN/PEOA FORESTAL (1)

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións ou puntuacións:

✓ **Experiencia (puntuación máxima: 4,00 puntos):**

Experiencia profesional en traballos relacionados directa ou indirectamente coas funcións da praza (*):

- Servizos prestados en empresas privadas: 0,05 pto/mes ata un máximo de 1,00 punto
- Servizos prestados na administración, empresas ou organismos públicos: 0,10 pto/mes, ata un máximo de 3,00 puntos.

(*) No caso das 2 prazas de peóns/peoas de obras públicas valorarase a experiencia acreditada en calquera posto de traballo ou ocupación relacionados coas obras públicas e/ou encadrado nalgunha familia profesional afín (edificación e obra civil, instalación e mantemento, madeira, electricidade e similares)





CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

No caso da praza de peón/peoa forestal valorarase a experiencia acreditada en calquera posto de traballo ou ocupación relacionados coas tarefas a desenvolver e/ou encadrado nalgunha familia profesional afín e máis concretamente na familia profesional agraria.

✓ **Formación (puntuación máxima: 1,00 punto)**

Valorase a realización de cursos directamente relacionados coas funcións da praza e ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

- Cursos a partir de 20 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 0,50 puntos
- Cursos a partir de 100 horas: 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 0,50 puntos

✓ **Exercicio práctico: poderá ter unha puntuación máxima de 5,00 puntos.**

Por tratarse de prazas correspondentes a persoal de oficios, este **exercicio práctico** consistirá nunha proba práctica eliminatoria relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir. Para o exercicio práctico, dispórase dun período máximo de 30 minutos. Puntuarase de 0,00 a 5,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 2,50 puntos).

A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dúas ou máis persoas candidatas acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquela que obteña a maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza na administración, empresas ou organismos públicos e logo o/a candidato/a que acade a maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza en servizos prestados en empresas privadas. En último término, prevalecerá aquel/a candidato/a que acade unha maior puntuación no exercicio práctico.

Abegondo, 10 de abril de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.